

*Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se convocan prazas de colaboradores para residencias xuvenís dependentes desta consellería.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, parágrafos 22º, 23º e 24º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, aplicándose entre outros ao ámbito da xuventude.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción socio-cultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 11 a estrutura básica da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, agora Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado de conformidade co Decreto 280/2003, do 17 de xuño, que modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro. A dita consellería conta cunha Dirección Xeral de Xuventude á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, segundo establece o artigo 6 do Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado dispón dunha serie de instalacións xuvenís entre as que figuran as residencias xuvenís, que, ademais do aloxamento e mantenza, ofrecen aos mozos/as estudantes residentes unha serie de servizos e actividades convivenciais e educativas complementarias.

Coa realización desta convocatoria preténdese favorecer o acceso ao ensino universitario dos estudantes con escasos recursos, e ao mesmo tempo, dotar de persoal de apoio no eido educativo e asistencial as residencias xuvenís que se relacionan nesta orde.

Por todo isto, en virtude das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 23 de febreiro reguladora da Xunta e do seu presidente,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocar esta oferta de prazas de colaboradores nas residencias xuvenís dependentes da Consellería

de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o curso académico 2005/2006, e establecer as bases para a súa concesión.

O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias é a seguinte:

<u>Residencia</u>	<u>Prazas</u>	
Eijo Garay (Lugo)	5	Home/muller
Irmáns Pedrosa (Lugo)	5	Home/muller
F.L. Cuevillas (Ourense)	5	Home/muller
Altamar (Vigo)	6	Home/muller

Artigo 2º.-Requisitos dos solicitantes.

Son requisitos para participar na convocatoria os seguintes:

a) Posuír nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude de praza.

b) Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30, na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

c) Estar cursando estudos universitarios nunha facultade ou escola universitaria ou ciclo formativo de grao superior.

d) Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador por causa imputable ao solicitante.

e) Ter sido residente ou colaborador na residencia solicitada no curso anterior.

f) Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade no centro.

Artigo 3º.-Solicitude.

3.1. A solicitude efectuarase utilizando o impreso que figura no anexo I. O interesado poderá efectuar exclusivamente unha única solicitude, na cal poderá optar por un centro. No caso de presentar máis dunha solicitude, non será admitida a trámite ditándose para o efecto a oportuna resolución.

3.2. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI para españois ou equivalente para estranxeiros da Unión Europea, ou tarxeta de residencia do solicitante no caso de naturais doutros países.

-Fotocopia compulsada de todas as follas do libro de familia onde figuren os membros da unidade familiar, ou fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.

-Acreditación, a través dun certificado de empañoamento, de posuír a residencia familiar en Galicia.

-Certificación académica orixinal ou copia compulsada en que figuren as notas das disciplinas correspondentes ao último curso universitario ou ciclo formativo de grao superior.

-Xustificación de ingresos da unidade familiar: copia compulsada da declaración do IRPF, correspondente a o ano 2004, de cada membro da unidade familiar obrigado a declarar. No caso de non ter obriga a declarar certificación de Facenda da dita circunstancia.

-Certificado médico en que se faga constar que o solicitante non padece enfermidade infecto-contaxiosa, nin defecto físico ou psíquico, que impida o normal desenvolvemento da súa actividade no centro.

-Proxecto de actividades que pretenda desenvolver como bolseiro para a residencia xuvenil indicando accións que se vaian realizar, lugares e tempo do seu desenvolvemento, estimación do seu custo, formas de financiamento, etc. Como tal proxecto, deberá ter en conta a realidade, o centro en que se pretende desenvolver e as peculiaridades dos destinatarios.

-Documentación acreditativa de todos aqueles méritos alegados conforme os criterios de selección establecidos no artigo 4º.1 para a súa consideración e valoración pola comisión cualificadora.

3.3. A solicitude xunto coa restante documentación deberá presentarse en calquera das delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.4. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

3.5. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, por parte da delegación provincial correspondente requirirase ao solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, considerarase desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 4º.-Adxudicación de prazas.

4.1. Concluído o prazo outorgado para a presentación de solicitudes, constituirase unha comisión

cualificadora en cada unha das provincias onde radican as residencias xuvenís, constituída polo secretario provincial da delegación, o/a xefe/a do servizo e os directores das residencias xuvenís situadas nesa provincia. Actuará como secretario un funcionario nomeado polo delegado provincial correspondente. A dita comisión examinará as solicitudes presentadas, reservando o dereito de solicitar a documentación que considere necesaria para aclarar o expediente, valorando no seu conxunto o seguinte baremo:

-Proxecto de actividades. Este proxecto puntuarase de 1 a 5 puntos.

-Situación económica da unidade familiar. A este respecto terase en conta a relación de ingresos/nº de membros da unidade familiar. Para estes efectos, poderanse incluír como membros da unidade familiar os fillos menores de 30 anos de idade, na data do remate do prazo de presentación de solicitudes, nos termos previstos na lexislación tributaria. Puntuarase segundo o seguinte baremo:

Inferior ao 50% do IPREM: 4 puntos.

Entre o 50% e o 75% do IPREM: 3 puntos.

Superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM: 2 puntos.

Entre o 100% e o 125% do IPREM: 1 punto.

Superior ao 125% do IPREM: 0 puntos.

-Ter sido colaborador na residencia xuvenil solicitada no ano anterior. A consideración deste dato queda condicionada á inexistencia de informe desfavorable do director da residencia xuvenil en relación ao comportamento ou actividade desenvolvida polo interesado como colaborador na residencia respectiva: 3 puntos.

-Rendemento académico segundo a nota media obtida no último curso ou na proba de selectividade. A puntuación neste caso corresponderase coa dita nota media.

-Coñecementos específicos e experiencia en animación sociocultural e actividades deportivas:

1 punto con diploma de escola oficial e 0,50 puntos con diploma de curso.

-Ter a súa residencia familiar en Galicia: 1 punto.

-Por calquera outra circunstancia socio-familiar que sexa susceptible de valoración a xuízo da comisión cualificadora e axeitadamente acreditada como a condición de familia monoparental, ou por irmán/á-áns/ás con praza renovada na residencia: 1 punto.

4.2. A comisión cualificadora poderá citar aos solicitantes para a realización dunha entrevista persoal que se valorará de 1 a 5 puntos.

4.3. A comisión competente confeccionará unha lista por orde de preferencia das solicitudes recibidas para cada residencia, elevando a correspondente proposta de resolución ao delegado/a provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado no prazo máximo de dous meses, contados a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.

4.4. Ditada resolución polo delegado provincial, o Servizo de Xuventude respectivo procederá a comunicarlles aos solicitantes as adxudicacións e denegacións.

4.5. Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.6. No caso de non ditar resolución expresa nun prazo de 4 meses desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, poderá entenderse desestimada a solicitude correspondente.

4.7. Os seleccionados están obrigados:

-A presentar fotocopia compulsada do xustificante de matrícula correspondente aos estudos que van cursar ou, no caso dos alumnos do 3º ciclo, certificado do xefe do departamento universitario correspondente conforme o interesado está realizando o doutoramento naquel, antes do 31 de outubro de 2005. No caso de que o interesado non poida presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no referido prazo por causa imputable ao centro en que vaia cursar os seus estudos, deberá comunicar esta circunstancia por escrito, presentando unha fotocopia compulsada da preinscrición na facultade ou escola universitaria correspondente, debendo non obstante presentar a fotocopia compulsada do xustificante de matrícula no momento en que a faga.

-A incorporarse ás residencias xuvenís o primeiro día do mes de outubro, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

En caso contrario perderá o dereito á praza adxudicada, procedéndose a cubrir a vacante conforme

a lista confeccionada pola comisión cualificadora. Utilizarase este mesmo procedemento cando durante o curso escolar se produza algunha vacante nas prazas ofertadas.

Artigo 5º.-Exención do pagamento dos servizos residenciais.

A concesión da praza como colaborador comporta a exención do pagamento dos servizos residenciais durante o período de funcionamento destes, incluído o curso académico e o período vacacional, o que abarca desde o 1 de outubro de 2005 ao 30 de setembro de 2006, así como o recoñecemento da súa condición de colaborador ante o resto dos residentes.

Artigo 6º.-Obrigas.

A condición de colaborador obriga a este a participar en todas as tarefas e cometidos de orde interna e actividades que lle poida encomendar a dirección da residencia, relacionadas co desenvolvemento de accións formativas e convivencias. Estas deberanse realizar de tal xeito que sexan compatibles co aproveitamento académico do propio colaborador.

Artigo 7º.-Extinción da condición de colaborador.

A condición de colaborador extinguese ao rematar o período fixado no artigo 5º desta convocatoria, así como por renuncia expresa do interesado.

O incumprimento por parte do colaborador das súas obrigas, das normas de réxime interno da residencia ou a ausencia inxustificada, serán causas da perda da condición de colaborador para todos os efectos, por resolución do delegado provincial, logo do informe do director da residencia, e audiencia do interesado.

A condición de colaborador non xerará ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra orde entre a administración e o beneficiario.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Xuventude para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2005.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte  
e Voluntariado

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,  
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO <b>SOLICITUDE DE PRAZAS DE COLABORADORES-BOLSEIROS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>FM303C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE / CONCELLO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## CENTRO SOLICITADO

<input type="checkbox"/> EIJO GARAY (LUGO).	<input type="checkbox"/> FLORENTINO L. CUEVILLAS (OURENSE).
<input type="checkbox"/> IRMÁNS PEDROSA (LUGO).	<input type="checkbox"/> ALTAMAR (VIGO).

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI PARA ESPAÑOIS OU EQUIVALENTE PARA ESTRANXEIROS DA UNIÓN EUROPEA. OU TARXETA DE RESIDENCIA DO SOLICITANTE NO CASO DE NATURAIS DOUTROS PAÍSES.
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DE TODAS AS FOLLAS DO LIBRO DE FAMILIA. OU FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA, DE SER O CASO.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO DE POSUÍR RESIDENCIA FAMILIAR EN GALICIA.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN OFICIAL. ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA DO ÚLTIMO CURSO UNIVERSITARIO OU CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR.
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DA DECLARACIÓN DO IRPF DE CADA MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR OBRIGADO A DECLARAR DO ÚLTIMO ANO. NO SEU DEFECTO CERTIFICACIÓN DE FACENDA DA CIRCUNSTANCIA DE NON TER OBRIGA A DECLARAR.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO MÉDICO EN QUE SE FAGA CONSTAR QUE O SOLICITANTE NON PADECE ENFERMIDADE CONTAXIOSA NIN DEFECTO FÍSICO OU PSÍQUICO.
<input type="checkbox"/> PROXECTO DE ACTIVIDADES PARA A RESIDENCIA XUVENIL.

## OUTROS DATOS

FOI COLABORADOR NALGUNHA RESIDENCIA XUVENIL. <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI (indicar cá): _____
--

**DECLARO** que son certos os datos consignados nesta solicitude, e comprométo-me a presentar a documentación acreditativa que se me solicita.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se convocan prazas de colaboradores para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DO EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DOS EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Delegado/a provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 14 de xuño de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de odontólogo de atención primaria.*

A base décimo cuarta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que finalizado o prazo de presentación de instancias da convocatoria pola que se inicie a fase de provisión, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde ditará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista por centros de xestión, co motivo da súa exclusión.

Por todo iso, esta división

#### RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter provisional, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de odontólogo de atención primaria.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Terceiro.-Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 3 da base vixésimo primeira das respectivas convocatorias.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
do Servizo Galego de Saúde

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 25 de maio de 2005 pola que se corrixen erros advertidos na Resolución do 30 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 19 de abril) pola que se convocan probas selectivas para a provisión dunha praza de analista.*

Advertidos erros na Resolución do 30 de marzo de 2005 (DOG do 19 de abril) pola que se convocan probas selectivas para a provisión dunha praza de analista.

#### ANEXO I

A) Quenda de promoción interna.

Fase de oposición.

a) Exercicios.

Parágrafo 4, onde di: «Segundo exercicio: consistirá na exposición por escrito de dous temas, elixidos de entre tres, un por cada un dos módulos II, III e IV, que o tribunal sorteará en presenza das persoas aspirantes»; debe dicir: «Segundo exercicio: consistirá na exposición por escrito de dous temas, elixidos de entre seis, dous por cada un dos módulos II, III e IV, que o tribunal sorteará en presenza das persoas aspirantes».

b) Valoración da fase de oposición.

Fase de concurso.

1a): onde di: «... como grupo II (programador informático), con 0,30 puntos...»; debe dicir: «... como grupo II (programador informático, técnico informático), con 0,30 puntos...».

B) Quenda libre.

Fase de oposición.

a) Exercicios.

Parágrafo 4, onde di: «Segundo exercicio: consistirá na exposición por escrito de dous temas, elixidos de entre tres, un por cada un dos módulos II, III e IV, que o tribunal sorteará en presenza das persoas aspirantes»; debe dicir: «Segundo exercicio: consistirá na exposición por escrito de dous temas, elixidos de entre seis, dous por cada un dos módulos II, III e IV, que o tribunal sorteará en presenza das persoas aspirantes».

b) Valoración da fase de oposición.

Fase de concurso.

1a): onde di: «... como grupo II (programador informático), con 0,30 puntos ...»; debe dicir: «... como grupo II (programador informático, técnico informático), con 0,30 puntos...».

A Coruña, 25 de maio de 2005.

José María Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña